

1 Clasifica estas palabras nos campos semánticos que se indican:

pasteleiro	debuxos	xastre	ilustradora	ordenador
traxes	editora	carpinteiro	lima	lapis
rodete	biscoitos	agulla	mobles	libros

oficios ou profesións	instrumentos de traballo	produtos elaborados

2 Subliña os adjetivos nestas oracións e di en que grao están:

– Raúl actúa sempre dunha maneira moi misteriosa.

.....

– Coincidín no autobús cos rapaces más ruidosos que vin na miña vida.

.....

– Onte ía un aire tan forte coma un furacán.

.....

– Os cueiros limpos da nena están no caixón?

.....

3 Risca a opción incorrecta:

– Brais é/e o *mais/máis* alto dos irmáns.

– Teño os pes/pés fríos.

– O óso/oso pardo é un animal enorme!

– Aquel verán fóra/fora inesquecible.

4 Que recurso poético se produce neste versos?

Palabras negras para falar
de guerras, de aldraxes, de tristura.

Palabras laranxas para falar
do tempo, de risas, de amizade,
de xogos, de apertas.

Antonio García Teijeiro: *Honorato, o rato namorado*, Edicións Xerais.

.....

1 Escribe unha oración con cada unha destas expresións:

bailar como unha buxaina levar a batuta

2 Cambia estas oracións seguindo as indicacións das parénteses:

– O meu bisavó é un home vello. (Feminino, superlativo absoluto).

– O neno é tan xenial coma o seu pai. (Feminino, positivo).

3 Enche os ocos coas seguintes palabras:

dá – da

fóra – fora

pór – por

nós – nos

– Voulle unha pila ao reloxo, porque non a hora.

– vivimos no número 4 desa rúa, xusto onde deixa o autobús.

– Non ao partido enfastiar, áínda que o parecese.

– Miña nai non fala de traballo oficina.

4 Le con atención este poema:

Lúa

mollada,

deixa unha pinga

aquí na praia.

Lúa

mollada,

deixa unha bágoa

aquí na leira.

Lúa

enmeigada,

deixa unha feitizo

aquí na estrada.

Antonio García Teijeiro: *Honorato, o rato namorado*, Edicións Xerais (fra

- Que recursos poéticos se producen? Xustifica a túa resposta.

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

A ZANFONA

A zanfona é un instrumento con orixe incerta, aínda que se pode relacionar co *organistrum* que podemos atopar no Pórtico da Gloria da catedral de Compostela. Nos séculos XII e XIII o *organistrum* foi desprazado das igrexas e conventos polos órganos, e viu reducido o seu tamaño. Así naceu a *cinfonia*, antecesora da zanfona.

A zanfona foi o instrumento máis querido polos xogares ata o século XV, pero a partir de entón foi perdendo terreo e desprestixiouse moito, pois só os cegos e mendigos a tocaban. Estivo a piques de desaparecer; con todo, na Galicia do século XVII áinda se dabán clases de zanfona.


No século XVIII, en Francia, a zanfona gozou dun rexurdimento ao se converter no instrumento predilecto da corte. As princesas e damas da corte de Luís XV tocábana con devoción, e isto fixo que evolucionase moito.

Grandes autores clásicos, como Haydn ou Vivaldi, compuxeron obras para zanfona.

En Galicia, a zanfona foi recuperada polo ourensán Faustino Santalices, quen no ano 1952 e logo dun gran traballo de investigación, tocou este instrumento no Pazo de Xelmírez compostelán co motivo da súa inauguración.

Hoxe en día hai artesáns que as constrúen e moitos músicos que a fan soar. Agárdalle un brillante futuro.

<http://usuarios.lycos.es/aureano/musica/zanfona.htm> (adaptación)



1 Que instrumento musical parece ser a orixe da zanfona?

2 En que parte da catedral de Santiago aparece representado ese instrumento?

3 A partir de que século foi perdendo prestixio? Por que?

4 En que país comezou o seu rexurdimento?

- Que foi o que favoreceu que evolucionase tanto nese país?

5 Que dous compositores clásicos que se citan no texto fixeron obras para zanfona?

6 En Galicia, quen conseguiu recuperar a zanfona do esquecemento?

Investiga un pouco máis.

a) Quen eran os xograres?

b) Onde está o Pazo de Xelmírez?

c) Quen o mandou construír? En que século?

1 Explica coas túas palabras o significado destas frases feitas:

- O meu veciño sempre me está dando a lata.

- Pensei que fixera ben o exercicio, pero decateime de que metín o zoco.

2 Subliña os pronomes que atopes e clasifícalos no cadro:

- A ela gustáralle moito o final do conto.
- Poucos dos presentes coñecíanme daquela.
- Non nos dixerón nada, pero todos coñeciamos o segredo.
- Quédame só unha ficha. Dásme ti algunha?

tónicos	átonos

- Por que na terceira oración o pronomé vai antes do verbo?

3 Nas seguintes oracións, pon os puntos e as comas que faltan:

- O Sr Hadrián vive no nº 4 da avda de Fisterra
- A Dra García miroume os oídos a gorxa e o nariz
- Quedei con Laura a amiga da que che falei ás 21 15 horas
- Teño fame pero ainda non comín

4 Riscal o xénero que non é narrativo:

novela conto poema fábula lenda

- Ademais do narrativo, que outros xéneros literarios existen?

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

A AGRICULTURA

A agricultura é a actividade agraria dedicada ao cultivo de vexetais. Proporciona produtos alimenticios, forraxeiros ou industriais, segundo se destinen ao consumo (humano ou animal) ou á transformación industrial.

Os sistemas de cultivo son as técnicas utilizadas polos agricultores para obter os produtos agrícolas, e varían de acordo cos seguintes aspectos:

- **A variedade de cultivos.** Fálase de «monocultivo» cando as parcelas se dedican a un só tipo de cultivo, e de «policultivo» cando se dedican a varios.
- **A auga que reciben as plantas.** Permite diferenciar entre cultivos de secano, se reciben exclusivamente a auga de chuvia, ou de regadío, se o agricultor lles proporciona auga adicional, procedente de ríos, pozos ou fontes.
- **O modo de ocupación do solo.** Pode consistir no cultivo continuo da terra, sen deixala descansar; ou na rotación ou sucesión regular dos cultivos nas parcelas. A rotación pode ser con barbeito ou continua, é dicir, alternando cultivos que desgastan máis ou menos o solo, sen usar o barbeito.
- **O aproveitamento da terra.** A agricultura, neste caso, pode ser «intensiva», cando se aproveita ao máximo, ou «extensiva», en caso contrario.
 - A agricultura intensiva tradicional obtén altos rendementos, pero emprega moita man de obra e traballo humano, debido ao seu atraso tecnolóxico; en cambio, a agricultura intensiva moderna utiliza pouca man de obra e traballo humano, grazas ao uso de tecnoloxía avanzada.
 - A agricultura extensiva tradicional non cultiva todo o solo, deixando unha parte en barbeito, para evitar o seu esgotamento; en cambio, a agricultura extensiva moderna non cultiva todo o solo porque non é necesario, pois as parcelas son grandes e empréganse técnicas modernas, ante a escaseza de man de obra.

1 Escribe as palabras do recadro xunto á definición que corresponda en cada caso:

secano

agricultura

barbeito

monocultivo

..... : actividade agraria dedicada ao cultivo de vexetais.

..... : técnica agraria que consiste en dedicar as parcelas a un só tipo de cultivo.

..... : cultivos que reciben exclusivamente a auga de chuvia.

..... : terra de labranza que non se cultiva durante un tempo para que descanse.

2 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso), segundo corresponda:

Os produtos do campo poden destinarse ao consumo humano ou a usos industriais.

O policultivo consiste en cultivar varias parcelas á vez.

A agricultura intensiva aproveita ao máximo a terra.

Co sistema de regadío, a terra recibe a auga da chuvia e mais a de ríos, pozos, fontes...

Na agricultura extensiva moderna utilízase tecnoloxía avanzada, ante a escaseza de man de obra.

3 Busca no texto un antónimo para cada unha das seguintes palabras:

..... – regadío

..... – recibir

..... – escaseza

..... – máximo

..... – policultivo

..... – moderno

Investiga e pensa un pouco máis. Fai este experimento: machuca unhas follas de acelga nun morteiro; logo, bótaas nun vaso e mestúraas cun chorro de acetona. Deixa repousar a mestura. Despois, verte o líquido obtido noutro vaso, usando un coador. Responde:

• De que cor é o líquido?

• Por que ten esa cor?

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

ECOGRANXA-ESCOLA

En Casa Grande de Xanceda somos especialistas en producir leite e iogur ecolóxico, e o noso obxectivo é que todos os nenos aprendan cal é o proceso desde a herba do prado que come a vaca ata o iogur ou o leite ecolóxico envasado que atopan nas súas neveiras.

Desde hai 40 anos producimos leite na nosa granxa en Galicia. Estamos situados nun contorno privilexiado e as instalacións de Casa Grande de Xanceda son perfectamente visitables; ademais, intégranse co contorno. A finca conta con 200 hectáreas de terreo e na actualidade temos máis de 350 vacas.

A visita

A visita será guiada en todo momento por persoal experto de Casa Grande de Xanceda. Deterase en todas as zonas de interese da granxa, desde o prado, pasando polos cortellos, a sala de muxir, a horta, o ecozoo, etc.

No **minicortello** todos os nenos poderán darles o biberón aos tenreiros (esta é unha das actividades más populares!). No cortello das vacas adultas os nenos poderán participar nas tarefas diárias da nosa granxa —daranles de comer ás vacas e axudarán a limpar os cortellos—.

No **ecozoo** temos varios tipos de animais de granxa (ponis, cabras, ovellas, porcos, galiñas, etc.), aos que os nenos poderán achegarse. Cepillarán os ponis e daranles de comer ás cabras, ovellas, galiñas, etc.

Na **ecohorta** hai unha representación de verduras e froitas da zona, identifícaranse e explicaráselles como se plantan de forma ecolólica.

Se a meteoroloxía o permite, darase un paseo polos prados ecológicos, observando ben preto como pastan as vacas e gozando dun contorno 100% ecolóxico. O percorrido pasa por unha antiga carballeira así como por diante dun pequeno lago no que aniñan aves silvestres. Tamén se visita a Casa Grande de Xanceda, unha casa tradicional galega do século XVIII.

1 Que é a Casa Grande de Xanceda? Marca cun X as respostas correctas:

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> un hotel rural | <input type="checkbox"/> unha casa tradicional galega |
| <input type="checkbox"/> unha granxa ecolóxica | <input type="checkbox"/> un colexio |
| <input type="checkbox"/> un museo | <input type="checkbox"/> unhas instalacións que producen leite e iogur |

2 Canto mide a finca onde está situada a Casa Grande de Xanceda? Marca cun X a opción ou opcións válidas:

- | | | |
|---------------------------------|--|---------------------------------|
| <input type="checkbox"/> 200 m | <input type="checkbox"/> 2 km ² | <input type="checkbox"/> 200 hl |
| <input type="checkbox"/> 200 ha | <input type="checkbox"/> 350 hg | <input type="checkbox"/> 350 hm |

3 Relaciona as zonas das instalacións coas actividades que se desenvolven en cada unha delas:

- | | |
|-------------------|---------------------------------------|
| minicortello | cepillar os ponis |
| ecozoo | pasear e ver como pastan as vacas |
| ecohorta | darlle o biberón aos tenreiros |
| prados ecológicos | aprender a plantar de forma ecológica |

4 Que animais de granxa hai en Casa Grande de Xanceda? Escribe tres.

.....

Investiga un pouco máis. Busca información en Internet sobre Xanceda e di en que concello e en que provincia está.

.....

• Que é unha granxa-escola?

.....

• En Galicia hai varias granxes-escola. Busca información e escribe o nome de tres delas e a localidade na que están.

.....